

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE CRUZ VERMELLA ESPAÑOLA E O SERVIZO GALEGO DE SAÚDE, PARA O APOIO Á HUMANIZACIÓN DA ASISTENCIA SANITARIA, PROMOVEDO O DESENVOLVEMENTO DUN PROGRAMA PARA A ATENCIÓN A PERSOAS CON ENFERMIDADES AVANZADAS.

MEMORIA XUSTIFICATIVA

A xerente do Servizo Galego de Saúde, DECLARA:

Que o Servizo Galego de Saúde, e Cruz Vermella Española en Ourense formalizaron o 7 de novembro de 2023 o instrumento convencional arriba referido, que producirá efectos durante un período de dous anos, contados a partires da data da súa sinatura.

Que o instrumento convencional ten por obxecto regular a colaboración entre o Sergas, a través da Xerencia da área Sanitaria de Ourense, Verín e O Barco de Valdeorras, e Cruz Vermella Española, coa finalidade de desenvolver en dita área sanitaria un Programa de atención a persoas con enfermidades avanzadas e ás súas familias.

A implementación deste programa levarase a cabo no ámbito da Atención Primaria (AP) e de Hospitalización a Domicilio (HADO), sen prexuízo de que, dando continuidade ao pulo da humanización sanitaria puidera nalgún momento considerarse de interese por ambas partes a posibilidade de ampliar a intervención noutros ámbitos sanitarios.

Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orde á consecución do obxecto referido.

Que o instrumento convencional asinado se fundamenta no seguinte:

O artigo 136 da Lei 8/2008, de 10 de xullo, de saúde de Galicia, prevé, no ámbito da coordinación interdepartamental da atención sociosanitaria, que a Consellería de Sanidade fomentará actuacións integrais sociais e sanitarias ante aquelas circunstancias de dependencia, discapacidade ou outras en que a cooperación produza vantaxes sociais e asistenciais.

Cruz Vermella Española ven desenvolvendo iniciativas similares, aplicando programas dirixidos a persoas en situación de enfermidade avanzada, con necesidades psicosociais especiais no seu entorno familiar e social inmediato, e impulsando iniciativas de sensibilización sobre os coidados ao final da vida das persoas.

Partindo desa experiencia, Cruz Vermella levará a cabo o desenvolvemento dun programa para a atención a persoas con enfermidades avanzadas, na Área Sanitaria de Ourense, Verín e O Barco de Valdeorras, a través dun equipo de atención psicosocial.

Por outra banda, o Servizo Galego de Saúde pretende potenciar metodoloxías e actuacións orientadas á mellora de resultados en saúde da poboación que permitan unha mellora continua da eficiencia operativa e a consecución de maior calidade nas súas unidades clínicas.

Asi mesmo, quere contribuír á xeración dun coñecemento especializado e a unha experiencia que sirva para que Galicia contribúa significativamente ao desenvolvemento de mellores prácticas no ámbito sanitario e que servan de referencia ao sistema público de saúde.

Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados na Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector público, ou outro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno de Galicia, estímase xustificado o recurso ao instrumento convencional asinado, con exclusión doutras figuras.

A xerente do Servizo Galego de Saúde

María Estrella López-Pardo Pardo.

